



**SOLICITUDE PARA OPTAR
AO CARGO DE XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO**

(Selo de rexistro)

C O N C E L L O
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

NOME E APELIDOS		DNI		
DOMICILIO				
NOME DA VÍA PÚBLICA	Nº	POBOACIÓN	CP	PROVINCIA
TELÉFONO		ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO		

EXPOÑO E SOLICITO
<p>Que logo de ver o anuncio do Concello de Abegondo publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 95 do 24/05/2021 para cubrir o cargo de xuíz substituto, de acordo co sinalado no Capítulo VIN do Título IV da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Título III do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos xuíces de paz.</p> <p>Que reúno todas as condicións establecidas na normativa vixente para poder acceder ao cargo convocado e en particular:</p> <ul style="list-style-type: none">— Posuír a nacionalidade española.— Ser maior de idade.— Estar en pleno exercicio dos meus dereitos civís.— Ser residente nesta localidade, sede do Xulgado de Paz, salvo autorización da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza. (Artigo 15 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de paz).— Non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade previstas na Lei orgánica do Poder Xudicial. (Artigo 389).— Non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.— Non estar condenado por delito doloso.— Non estar procesado ou inculpado por delito doloso. <p>Que de acordo coa natureza desta declaración e co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, comprométo a pór a disposición da Administración a documentación que acredita o cumprimento dos requisitos cando por esta me sexa requirida.</p> <p>Por todo o exposto DECLARO baixo a miña responsabilidade que cumpro todos os requisitos exixibles para acceder ao cargo de Xuíz de paz e que me comprometo a manter o seu cumprimento durante o período de tempo necesario.</p>

DATOS COMPLEMENTARIOS	
IDADE	PROFESIÓN



Concello de Abegondo San Marcos, 1 | 15318 Abegondo (A Coruña) | Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050
www.abegondo.gal | sede.abegondo.gal | correo@abegondo.gal

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

Fotocopia DNI en vigor

Certificado de empadramento con antigüidade

Curriculum Vitae

Abegondo, de de

(sinatura do solicitante)

O/A solicitante estará ás responsabilidades que se lle puidesen esixir por falsidade na presente solicitude.

"De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámolo/a de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE ABEGONDO, con enderezo SAN MARCOS, N.º 1, 15318 – ABEGONDO (A Coruña). Os datos serán utilizados para prestar o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo por obrigaón legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. Para iso, CONCELLO DE ABEGONDO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa en: SAN MARCOS, N.º 1, 15318 – ABEGONDO (A Coruña)."

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Abegondo



Concello de Abegondo San Marcos, 1 | 15318 Abegondo (A Coruña) | Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050
www.abegondo.gal | sede.abegondo.gal | correo@abegondo.gal

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e artigo 42 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

CONDICIÓNS DE CAPACIDADE E DE COMPATIBILIDADE

Requisitos de capacidade establecidos no Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz (BOE do 13 de xullo) en relación co artigo 303 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei orgánica do Poder Xudicial (e no que resulte de aplicación):

En todo caso terán compatibilidade para o exercicio das seguintes actividades:

- a) A dedicación á docencia ou á investigación xurídica
- b) O exercicio de actividades profesionais ou mercantís que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poden interferir no escrito cumprimento dos deberes xudiciais. Non é necesario ser licenciado en Dereito segundo o art.102 da Lei do Poder Xudicial, e no art.13 do Regulamento 3/1995.

As causas de incapacidade para o ingreso, segundo o art. 303 da Lei orgánica do Poder Xudicial, son:

- Estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
- Estar condenado por delito doloso mentes non obtivese a rehabilitación.
- Estar procesado ou inculpado por delito doloso en tanto non sexan absoltos ou se dite auto de sobresemento.
- Non estar en pleno exercicio dos seus dereitos civís.

O cargo de xuíz de paz e substituto, segundo o artigo 389 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, é incompatible:

- Co exercicio de calquera outra xurisdición allea á do poder xudicial.
- Con calquera cargo de elección popular ou designación política do Estado, das Comunidades Autónomas, provinciais e demais entidades locais e organismos dependentes de calquera deles.
- Con empregos ou cargos dotados ou retribuídos pola Administración do Estado, as Cortes Xerais, a Casa Real, as Comunidades Autónomas, as Provincias, os Municipios e calquera entidades, organismos ou empresas dependentes dunhas e doutras.
- Cos empregos de toda clases nos Tribunais e Xulgados de calquera orde xurisdicional.
- Co exercicio da avogacía e procuradoría.
- Con todo tipo de asesoramento sexa ou non retribuído.

